

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **18 de outubro de 2023** a través de Teams, coa asistencia dos seguintes membros:

Ánxela María Bugallo Rodríguez, Blanca Laffon Lage, Eva María Espiñeira Bellón, Juan Carlos Rivadulla López, Lucía Vázquez Ben, Manuel Peralbo Uzquiano, Miriam Carretero García, Nuria Rebollo Quintela, Óscar González Iglesias, Pedro José Vega Marcote, Roberto Suárez Brandariz, Yamilé Perez Guilarte, Yolanda Golías Pérez.

Desculpan a súa asistencia as profesoras Cristina Pardo Carabias e Patricia Carballal Miñán.

Comeza a sesión ás 17:00 horas, para tratar a seguinte **Orde do día**:

1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (02/05/2023).

Toma a palabra o Vicedecano de TFG, Estudiantes e PAT, Juan Carlos Rivadulla López e, como a acta fóra posta a disposición dos presentes con anterioridade á reunión e ninguén presenta suxestións, apróbase esta por asentimento.

2. Informe da reunión de coordinación de Green Campus da UDC que tivo lugar o 03/10/2023

O profesor Pedro Vega Marcote, como coordinador técnico do Comité Ambiental, despois de dar a benvinda aos presentes á reunión e agradecer a súa asistencia, informa acerca das cuestións máis relevantes abordadas durante a reunión de coordinación de Green Campus da UDC.

Entre elas, preocupa especialmente o problema de participación do alumnado, común a todos os Comités Ambientais. Se ben o curso pasado no Comité Ambiental da Facultade das Ciencias da Educación conseguimos un alto índice de participación, tratábase de alumnado de 4º curso que xa non está presente neste novo ano académico. Polo tanto, faise un novo chamamento a promocionar o Comité Ambiental, aproveitando que o profesorado integrante do Comité imparte en diferentes cursos e titulacións, para así conseguir novas incorporacións. De igual modo, agárdase que novamente este curso teñamos bolseira/o de colaboración, aínda que este ano a convocatoria saíu máis tarde (xusto remataba este mesmo día), polo que a súa incorporación (de terse apuntado alguén) non se producirá ata o mes de decembro.

Outro dos temas salientados na reunión polo propio Director da Oficina de Medio Ambiente (OMA-UDC), Manuel Soto, é a importancia de facer a memoria anual,

polo que este curso se procederá a levala a cabo baixo a coordinación dos profesores Pedro Vega e Juan Carlos Rivadulla.

Aqueles Comités Ambientais de nova incorporación abordaron tamén cuestións habituais, tales como a xestión dos residuos, enerxía, nas súas facultades, e preguntaron por consellos sobre como proceder á ambientalización curricular dos seus títulos, unha acción moi presente no noso Comité e na nosa Facultade.

Igualmente, nesta reunión cada facultade cubriu un formulario para coñecer as iniciativas que se están a desenvolver en cada unha delas e veuse que a nosa facultade está a realizar unha boa labor.

3. Incorporación de novos membros ao Comité Ambiental da Facultade

Desde Conserxería fará a súa incorporación Miguel. Faise un novo chamamento a invitar a máis profesorado que queira incorporarse e, sobre todo, ao alumnado.

4. Proposta e aprobación, se proceder, da distribución de tarefas do comité

Mantense a distribución de tarefas actual, pero ademais precísase alguén que se faga cargo da xestión das Redes Sociais do Comité Ambiental mentres non se incorpora unha nova persoa bolsreira, o cal se produciría (de haber candidaturas) a principios de decembro. Ofrécese a cubrir este posto a profesora Yamilé Pérez Guilarte, recibindo o agradecemento do Comité Ambiental no seu conxunto, e en especial do coordinador técnico Pedro Vega e o vicedecano Juan Carlos Rivadulla.

5. Propostas de actividades para o curso 2023/2024

Con respecto da nova proposta de actividades para o novo curso, o profesor Pedro Vega, procedeu a listar as diferentes accións previstas, moitas delas xa realizadas en anteriores cursos. Concretamente, tense previsto retirar finalmente todas as papeleiras das aulas, aumentando ao mesmo tempo o número de illas de residuos dispoñibles; con respecto dos tapóns, aínda que coa nova lexislación xa non poderán ser extraíbles, conservarase o contedor ao lado da cafetería mentres non se xeneraliza esta medida; instalárase novamente un recolledor de aceite de Mulleres Colleiteiras, que se fará no campus para integrar as diferentes Facultades, e máis solicitarase a reinstalación do contedor de vidro, tamén reclamado polo persoal da cafetería para poder facer unha mellor separación de residuos. Tamén se ten prevista unha nova charla a cargo do grupo Nutriciona. A este respecto, o profesor Juan Carlos Rivadulla engadiu que a data sería marzo 2024 (día e hora aínda por concretar) e tratará sobre alimentación saudable e sostible.

6. Quenda aberta de intervencións

Aberta a quenda de intervencións, a profesora Ánxela Bugallo comeza propoñendo, en liña co obxectivo de retirar as papeleiras das aulas, unha nova actividade, dirixida ao alumnado de Educación Ambiental, do Mestrado en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para educación infantil y primaria (DIDES), que consistiría en que realizaran unha revisión de residuos desas papeleiras e, seguidamente, organizaran pequenas charlas no resto de aulas para concienciar aos seus compañeiros e compañeiras da problemática e informalos de como realizar unha boa separación de residuos.

A continuación interveu a profesora Blanca Laffon Lage para insistir novamente sobre a problemática do uso do ascensor, ao notar un ano máis o seu abuso por parte dos estudantes. Discutiuse a posibilidade de tomar medidas drásticas como limitar o seu uso a persoas con mobilidade reducida ou carga/descarga de material, mediante a colocación de carteis e/ou mesmo pechándoo con chave, que habería que solicitar en Conserxería. A este respecto, a profesora e vicedecana de Calidade, Nuria Rebollo, indicou que durante a visita de avaliadores externos chamouse a atención sobre que houbera tan poucos ascensores dado o elevado número de alumnado. Igualmente, sinalou o vicedecano de Infraestruturas, o profesor Roberto Suárez, solicitar de cada vez a chave en Conserxería non sería viable se tes que subir ou baixar (cargado) de plantas como a -3; neste sentido, pechalos entraría en conflito coa propia normativa de accesibilidade.

A profesora Lucía recordou a iniciativa proposta no curso pasado de facer un concurso de carteis promovendo a non utilización do ascensor, por ver se así o alumnado se implica en maior medida. Estando de acordo todos os membros, o coordinador do Comité, Pedro Vega, propuxo discutir en días posteriores os detalles da convocatoria, tales como o prazo para a presentación de candidaturas, o número de persoas que poden participar conxuntamente (é dicir, se individual e/ou parellas e/ou pequenos grupos) ou a constitución do tribunal avaliador. A profesora Blanca Laffon suxeriu ofrecer un premio material, como un suadoiro ou unha camiseta, para incentivar a participación. En ausencia de presuposto propio do Comité Ambiental, baralláronse as opcións de solicitar material á OMA (bolsa e botella reutilizable), da que se obtivo resposta afirmativa ao día seguinte, ou mesmo mercar algún tipo de agasallo desde o Decanato da Facultade. Así mesmo, facilitarase un certificado ao alumnado gañador.

En termos de difusión, ademais de publicalo na páxina web da facultade e avisar ao noso alumnado nas aulas, a profesora Miriam Carretero, como coordinadora na titulación de Educación Primaria, propuxo facelo desde as coordinacións das distintas titulacións por teren un trato estreito co alumnado, particularmente cos delegados e delegadas de cada aula.

Seguidamente, interveu a Vicedecana de Calidade, a profesora Nuria Rebollo, para consultar a opinión do Comité sobre incorporar á memoria da facultade algún(s) dos obxectivos marcados polo Green Campus e o propio Comité Ambiental en materia de sustentabilidade, para que se aprecie con máis claridade a aliñación da actividade da propia facultade cos compromisos da UDC en materia de medio ambiente. O coordinador técnico amosou o seu acordo en representación de todo o Comité, afirmando que se trataba dunha moi boa idea.

A profesora Miriam Carretero preguntou se había algunha novidade con respecto da aula ao aire libre que se ía construír nas inmediacións da facultade, pero aínda non hai novas ao respecto. O profesor Pedro Vega consultarao novamente.

Por último, o profesor Pedro Vega, recordando a insistencia expresada na reunión de Green Campus de realizar (cando menos) tres reunións anuais, propuxo programar a seguinte reunión entre finais de febreiro e principios de marzo, data e hora a concretar máis adiante. Todos os asistentes mostraron o seu acordo.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 18 h.

A Coruña, 19 de outubro de 2023,

Lucía Vázquez Ben

Secretaria do Comité Ambiental